

Á Mesa do Parlamento

O M^a Soledad Soneira Tajés, Beatriz Sestayo Doce e Vicente Docasar Docasar, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

En outubro de 2007 votouse a andar a “Obra Social de los Inmigrantes Españoles y sus Descendientes en la República Argentina” (OSPAÑA). Esta obra social creouse para dar unha saída económica ao Centro Galego de Bos Aires e dela formaban parte o Goberno de España, A Xunta de Galicia, a través da Fundación Galicia Saúde, o Centro Galego de Bos Aires e a colaboración e apoio das autoridades da República Arxentina.

Dende a súa constitución producíronse varios feitos: abandono da Xunta de Galicia do Centro Galego e do seu hospital, intervención da entidade pola xustiza arxentina, disolución da fundación Galicia Saúde, interferencia intolerable do Goberno galego no proceso electoral deste centro centenario, conculcación dos mínimos principios democráticos de representación, encomendando a voz do Centro Galego de Bos Aires a persoas que non ostentaban ningún posto de representación democrático na entidade e marxinando aos lexítimos representantes da masa social, e todo un longo proceso de abandono e de desprezo a unha das nosas principais e primeiras sinais de identidade como pobo, que deron como consecuencia a práctica desaparición do mesmo.

Pero si pensábamos que a Xunta de Galicia, e o seu presidente, non poderían incrementar o seu curriculum de agravios ao Centro Galego de Bos Aires, acabamos de coñecer a guinda para a súa liquidación definitiva e a súa entrega, gratis total, a intereses económicos bastardos alleos á entidade e co beneplácito de quen debera ter como primeira obriga a defensa dos intereses colectivos do país.

Hoxe sabemos que, por proposta do Goberno de España e da Xunta de Galicia, OSPANA deixa fóra dos seus estatutos ao Centro Galego de Bos Aires e incorpora a un “Agente de Seguro de Salud de la Mutual de

Grupo Parlamentario

Inmigrantes Españoles y sus Descendientes en la Argentina” que está constituído, basicamente, polos administradores nomeados no seu día para dirixir OSPAÑA. Con tódalas letras: un saqueo do patrimonio do Centro Galego de Bos Aires en beneficio de persoas individuais e concretas que se quedan con todo a custe cero. Todo isto co visto e prace da Xunta de Galicia e do seu presidente, e do Goberno de España.

Diante deste dramático escenario, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte Interpelación:

1.^a) Que motivos políticos, patrimoniais, identitarios, culturais, ou de calquera outra índole, motivan o abandono, por parte do Goberno Galego, do Centro Galego de Bos Aires e o empuxan directamente a súa liquidación?

2.^a) Cales son as razóns que levaron a Xunta de Galicia a permitir a exclusión do Centro Galego de Bos Aires da dirección política de OSPAÑA e facilitar o desembarco nela de intereses privados e persoais, por vía interposta, das mesmas persoas que hoxe dirixen esta obra social?

3.^a) Considera a Xunta de Galicia que a defensa dos intereses colectivos e identitarios de Galicia concréntanse neste xeito de traizón a nosa historia e a nosa identidade como pobo?

4.^a) Que gaña Galicia con este xeito de proceder? que gaña a imaxe de Galicia na República Arxentina? como cualificaría o sr. Feijoo estas accións se fose outro Goberno e outro presidente quen promovera este tipo de actuacións?

5.^a) En termos de respecto e lealdade co país e cos seus símbolos e identidade, onde sitúa a Xunta de Galicia os niveis da traizón ao país, aos seus símbolos e as súas sinais de identidade?

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2015

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés

Beatriz Sestayo Doce

Vicente Docasar Docasar



 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 07/10/2015 10:44:05

Beatriz Sestayo Doce na data 07/10/2015 10:44:16

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 07/10/2015 10:44:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia